

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Dada a necesidade deste concello de contratar o SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE CERDEDO.

Visto que, dada a característica do servizo parece que o procedemento máis adecuado é o procedemento negociado sen publicidade.

Vista a providencia de alcaldía do día 18/03/2013, para iniciar o expediente motivando a necesidade e idoneidade da contratación proposta.

Vista que o día 19/03/2013, Secretaría emitiu un informe sobre a lexislación aplicable, o procedemento que había que seguir e o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato.

Visto que o día 21/03/2013, foi redactado e incorporado ao expediente o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán a adxudicación do contrato.

Despois de examinar a documentación achegada, de conformidade co establecido no artigo 110 e na disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Que se aprobe o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do contrato do servizo de AXUDA NO FOGAR.

SEGUNDO. Que se autorice, pola contía máxima de 60.000 euros, o gasto que para este concello representa a contratación do servizo de AXUDA NO FOGAR, por procedemento negociado sen publicidade, con cargo á partida 231.22700 do estado de gastos do orzamento municipal deste concello para o exercizo 2013.

TERCEIRO. Que se aproben os pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán o contrato do servizo de AXUDA NO FOGAR, por procedemento negociado sen publicidade.

CUARTO. Que se soliciten ofertas ás seguintes empresas:

- O TEU CARON, S.L.
- COESCO DEZA, S.L. (SOCYSER)
- GALAUREA, S.L.

Mándao e asíno o alcalde, D. Silvestre José Balseiros Guinarte, en Cerdedo, o 25 de marzo de 2013; do que, como secretario, dou fe.

O Alcalde

O secretario